



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Asunto: ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA PROVEER TRANSITORIAMENTE UN POSTO DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SECRETARÍA DO CONCELLO DE PADRÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, EXPTE. 05/2021-SPFI.

ALEGACIÓNS FORMULADAS POR OSCAR RODRÍGUEZ LÓPÈZ.

En data 11 de novembro de 2021 e sendo as 10:00 horas, réunese de maneira telemática, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a selección de persoal funcionario interino da escala da administración xeral grupo C, subgrupo C2, polo sistema de oposición, baixo a presidencia de don Adrián Juan Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos; e coa asistencia dos vogais: Don José Ángel Sorribas Bustelo, técnico de Administración xeral do Concello de Rois; Don José Marcelino Rivera Rarís, interventor accidental do Concello de Padrón e Don Gonzalo Hernáiz Cajaraville, auxiliar administrativo do Concello de Padrón; actuando como secretario Don Manuel Carramal Silva, técnico de Administración xeral da Deputación de Pontevedra, **quen dá fe do acto.**

ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXAME TIPO TEST.- Dáse lectura das alegacións formuladas por don Óscar Rodríguez López con dni XXXXXX229-A en data 9 de novembro do 2021 e en relación ao primeiro exame tipo test.

Por parte da persoa recorrente enténdese que na pregunta número 3 a resposta que o Tribunal considerou correcta non se adecúa ao disposto no artigo 153 da Constitución.

A pregunta que figuraba no cuestionario do exame tiña o seguinte contido literal:

3.- Segundo o art. 153 da CE, quen controla a actividade dos Órganos das Comunidades Autónomas? a) O Tribunal Constitucional e o Goberno do Estado. b) O Tribunal de Contas. c) Todas as respostas son correctas.	3.- Según el art. 153 de la CE, ¿quién controla la actividad de los Órganos de las Comunidades Autónomas? a) El Tribunal Constitucional y el Gobierno del Estado. b) El Tribunal de Cuentas. c) Todas las respuestas son correctas.
--	--

O Tribunal deu como resposta correcta a opción c).

Si se ten en conta o disposto no artigo 153 da Constitución que dispón que:

“El control de la actividad de los órganos de las Comunidades Autónomas se ejercerá:

- a) Por el Tribunal Constitucional, el relativo a la constitucionalidad de sus disposiciones normativas con fuerza de ley.*
- b) Por el Gobierno, previo dictamen del Consejo de Estado, el del ejercicio de funciones delegadas a que se refiere el apartado 2 del artículo 150.*
- c) Por la jurisdicción contencioso-administrativa, el de la administración autónoma y sus normas reglamentarias.*
- d) Por el Tribunal de Cuentas, el económico y presupuestario.”*

A referencia que o artigo 153 fai ao Goberno, débese entender ao Goberno do Estado, xa que realiza no exercicio das funcións delegadas ás que se refire o artigo 150.2 da Constitución (el Estado podrá transferir o delegar en las Comunidades Autónomas, mediante ley orgánica, facultades correspondientes a materia de titularidad estatal que por su propia naturaleza sean susceptibles de transferencia o delegación. La ley

preverá en cada caso la correspondiente transferencia de medios financieros, así como las formas de control que se reserve el Estado).

En base ao anteriormente exposto, é polo que procede desestimar a alegación formulada, xa que a resposta correcta é a opción c).

En canto á numeración coa que se garante o anonimato das persoas aspirantes, no momento da publicación dos códigos xa se detectou o erro aludido por don Óscar Rodríguez López. Non obstante, na listaxe de persoas aprobadas do primeiro exame ten a numeración correcta sen alterar o resultado do mesmo.

En base ao anteriormente exposto, o Tribunal adopta por unanimidade, a decisión de desestimar as alegacións formuladas por don Óscar Rodríguez López.

FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 10:25 horas o presidente da por rematada a sesión, do que eu secretario dou fe.